



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Número 302
9 de maio de 2018

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

I 30479 (10/PPL-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais

[98286](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 28353 (10/PNC-002230)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa defensa da liberdade de expresión, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto do exercicio dos dereitos e liberdades fundamentais

[98276](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 20632 (10/PNC-001682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a remisión con carácter mensual polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dos datos de audiencia obtidos polas distintas canles e programas da Televisión de Galicia e da Radio Galega, así como un informe ao respecto con carácter anual

[98277](#)

I 27972 (10/PNC-002175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Víctimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller

[98277](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

I 30573 (10/CPP-000059)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da súa recente viaxe a México [98305](#)

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

I 30489 (10/CPC-000052)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. secretario Xeral de Política Lingüística, por petición propia, para informar sobre a análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonía, ao amparo da Lei 1/2014 [98306](#)

1.4.3. Interpelacións

I 30134 (10/INT-000995)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co mantemento en Galicia de marcas bancarias diferenciadas [98307](#)

I 30189 (10/INT-000996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas casas da xuventude [98311](#)

I 30198 (10/INT-000997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais [98314](#)

I 30213 (10/INT-000998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego para evitar o impacto do actual sistema impositivo para as familias monoparentais [98317](#)

I 30285 (10/INT-000999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia sexual [98322](#)

I 30308 (10/INT-001000)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación coa seguridade dos métodos anticonceptivos para a saúde das mulleres [98327](#)

I 30344 (10/INT-001001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a política do Goberno galego en materia lingüística [98329](#)

I 30376 (10/INT-001003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co servizo de mantemento do equipamento de electromedicina do Sergas [98336](#)

I 30387 (10/INT-001004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas [98340](#)

I 30407 (10/INT-001006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia [98343](#)

I 30455 (10/INT-001007)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago [98346](#)

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

I 30139 (10/POP-003533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgunha xestión ante o Banco de Santander para o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada [98350](#)

I 30144 (10/POP-003534)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as razóns do rexeitamento nesta tempada das solicitudes presentadas polas persoas propietarias para o tratamento do cancro do castiñeiro polos servizos autonómicos [98354](#)

I 30149 (10/POP-003535)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio e 3 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural [98356](#)

I 30184 (10/POP-003536)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adopción na actualidade de todas as medidas preventivas necesarias para evitar o contaxio de enfermidades infecciosas nos centros de menores dependentes da Administración autonómica [98358](#)

I 30190 (10/POP-003537)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para acordar a transformación das casas da xuventude en espazos Emprende [98360](#)

I 30191 (10/POP-003538)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da xestión que se vén levando a cabo da Casa da Xuventude de Ourense [98363](#)

I 30196 (10/POP-003539)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co uso e reparación dos danos causados nun circuíto público de BMX de Vilagarcía de Arousa por causa do almacenamento de refugallo e material pesado pola empresa concesionaria das obras de remate da canalización dun regato na zona da Florida [98366](#)

I 30203 (10/POP-003540)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego no tocante a se están a ser respectados os dereitos e obrigas reflectidos na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia [98368](#)

I 30217 (10/POP-003541)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as medidas fiscais e tributarias previstas polo Goberno galego para contribuír á redistribución da riqueza no tocante ás familias monoparentais [98371](#)

I 30220 (10/POP-003542)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reparación, de xeito urxente, dos danos causados pola empresa encargada da retirada da madeira queimada nas pistas, cunetas e pasos de auga da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Trepá-Valdeguas, no concello de Riós [98375](#)

I 30228 (10/POP-003543)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co pastoreo nos terreos queimados [98377](#)

I 30287 (10/POP-003544)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as medidas específicas deseñadas ou que vai deseñar o Goberno galego para eliminar as agresións sexuais [98380](#)

I 30301 (10/POP-003545)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para corrixir os problemas de seguridade viaria do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense [98384](#)

I 30311 (10/POP-003546)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a existencia dalgún protocolo no Sergas para a retirada do dispositivo intrauterino ESSURE [98388](#)

I 30338 (10/POP-003547)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e 3 máis**

Sobre a inxerencia doutra administración nas competencias da Xunta de Galicia sobre a xestión da pesca da sardiña pola arte do xeito [98390](#)

I 30341 (10/POP-003548)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva**

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a mellora da atención sanitaria no Punto de Atención Continuada de Baltar, en Portonovo, no concello de Sanxenxo [98393](#)

I 30346 (10/POP-003549)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da creba da transmisión interxeracional da lingua galega [98396](#)

I 30367 (10/POP-003550)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da ANPA do CEIP A Ramallosa, do concello de Teo, referidas ás melloras necesarias no centro [98401](#)

I 30372 (10/POP-003551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao nivel de recursos humanos e materiais que presenta o Hospital Comarcal do Salnés en relación coas necesidades asistenciais da poboación [98403](#)

I 30380 (10/POP-003552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co suposto incumprimento por parte da empresa adjudicataria do prego de condicións para a adjudicación do servizo de mantemento do equipamento de electromedicina da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela [98406](#)

I 30388 (10/POP-003553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da situación de envellecemento que está a padecer o sector do marisqueo [98410](#)

I 30389 (10/POP-003554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a posición que vai defender o Goberno galego en relación coas modificacións previstas polo Goberno central mediante a unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas Prepara, PAE e Renda Activa de Inserción [98412](#)

I 30402 (10/POP-003555)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 12 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, en colaboración co Goberno central, para garantir a permanencia do Centro Galego de Bos Aires como centro de asistencia sanitaria e promotor socio-cultural-histórico-artístico da emigración galega na Arxentina [98415](#)

I 30410 (10/POP-003556)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

[98419](#)**I 30415 (10/POP-003557)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da compensación ás universidades de Galicia pola perda de ingresos que lles supón a conxelación das taxas académicas das titulacións de graos e a rebaixa do custo dos másteres habilitantes

[98422](#)**I 30446 (10/POP-003558)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non intervir co fin de evitar a conflictividade existente na Confraría de Pescadores de Carril

[98424](#)**I 30452 (10/POP-003559)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da compensación das carencias orzamentarias que veñen padecendo as universidades de Galicia desde o inicio da crise

[98427](#)**I 30456 (10/POP-003560)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar posibles danos ao patrimonio cultural do Camiño de Santiago ao seu paso polo territorio galego

[98430](#)**I 30459 (10/POP-003561)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización dalgún tipo de mediación para contribuir á resolución do conflito laboral da empresa Hijos de Luís Chao Sobrino, S.A., de Ribadavia

[98433](#)**1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos****1.5.4. De ámbito europeo****1.5.4.1. Unión Europea**

Resolución da Presidencia, do 4 de maio de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre o fomento da equidade e a transparencia para as empresas que utilizan

servizos de intermediación en liña (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 238 final] [2018/0112 (COD)] { SEC(2018) 209 final} { SWD(2018) 138 final} { SWD(2018) 139 final}

-10/UECS-000153 (30510)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre o fomento da equidade e a transparencia para as empresas que utilizan servizos de intermediación en liña (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 238 final] [2018/0112 (COD)] { SEC(2018) 209 final} { SWD(2018) 138 final} { SWD(2018) 139 final}

[98435](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 7 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 30479 (10/PPL-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 4 de maio de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 28353 (10/PNC-002230)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa defensa da liberdade de expresión, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto do exercicio dos dereitos e liberdades fundamentais

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación separada por alíneas, resultando aprobada a alínea 1 pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a comprometerse activamente coa defensa da liberdade de expresión e denunciar toda actuación que entorpeza, limite ou impida a libre expresión de opinións ou crenzas».

Rexeitamento da iniciativa

- 20632 (10/PNC-001682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a remisión con carácter mensual polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dos datos de audiencia obtidos polas distintas canles e programas da Televisión de Galicia e da Radio Galega, así como un informe ao respecto con carácter anual

BOPG nº 219, do 29.11.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 27972 (10/PNC-002175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Vítimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller

BOPG nº 280, do 21.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 7 de maio de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 30573 (10/PPP-000059)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. de En Marea, do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta da súa recente viaxe a México

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 30489 (10/CPC-000052)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. secretario Xeral de Política Lingüística, por petición propia, para informar sobre a análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonía, ao amparo da Lei 1/2014

Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 30134 (10/INT-000995)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co mantemento en Galicia de marcas bancarias diferenciadas

- 30189 (10/INT-000996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas casas da xuventude

- 30198 (10/INT-000997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais

- 30213 (10/INT-000998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego para evitar o impacto do actual sistema impositivo para as familias monoparentais

- 30285 (10/INT-000999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia sexual

- 30308 (10/INT-001000)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación coa seguridade dos métodos anticonceptivos para a saúde das mulleres

- 30344 (10/INT-001001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a política do Goberno galego en materia lingüística

- 30376 (10/INT-001003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co servizo de mantemento do equipamento de electromedicina do Sergas

- 30387 (10/INT-001004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas

- 30407 (10/INT-001006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

- 30455 (10/INT-001007)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite e publicación

- 30139 (10/POP-003533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgunha xestión ante o Banco de Santander para o mantemento en Galicia da marca Banco Pastor como filial, como marca diferenciada

- 30144 (10/POP-003534)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as razóns do rexeitamento nesta tempada das solicitudes presentadas polas persoas propietarias para o tratamento do cancro do castiñeiro polos servizos autonómicos

- 30149 (10/POP-003535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 3 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural

- 30184 (10/POP-003536)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adopción na actualidade de todas as medidas preventivas necesarias para evitar o contaxio de enfermidades infecciosas nos centros de menores dependentes da Administración autonómica

- 30190 (10/POP-003537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para acordar a transformación das casas da xuventude en espazos Emprende

- 30191 (10/POP-003538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da xestión que se vén levando a cabo da Casa da Xuventude de Ourense

- 30196 (10/POP-003539)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación co uso e reparación dos danos causados nun circuíto público de BMX de Vilagarcía de Arousa por causa do almacenamento de refugallo e material pesado pola empresa concesionaria das obras de remate da canalización dun regato na zona da Florida

- 30203 (10/POP-003540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego no tocante a se están a ser respectados os dereitos e obrigas reflectidos na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

- 30217 (10/POP-003541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas fiscais e tributarias previstas polo Goberno galego para contribuír á redistribución da riqueza no tocante ás familias monoparentais

- 30220 (10/POP-003542)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reparación, de xeito urxente, dos danos causados pola empresa encargada da retirada da madeira queimada nas pistas, cunetas e pasos de auga da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Trepá-Valdeguas, no concello de Riós

- 30228 (10/POP-003543)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co pastoreo nos terreos queimados

- 30287 (10/POP-003544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas específicas deseñadas ou que vai deseñar o Goberno galego para eliminar as agresións sexuais

- 30301 (10/POP-003545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para corrixir os problemas de seguridade viaria do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense

- 30311 (10/POP-003546)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a existencia dalgún protocolo no Sergas para a retirada do dispositivo intrauterino ESSURE

- 30338 (10/POP-003547)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a inxerencia doutra administración nas competencias da Xunta de Galicia sobre a xestión da pesca da sardiña pola arte do xeito

- 30341 (10/POP-003548)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a mellora da atención sanitaria no Punto de Atención Continuada de Baltar, en Portonovo, no concello de Sanxenxo

- 30346 (10/POP-003549)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da creba da transmisión interxeracional da lingua galega

- 30367 (10/POP-003550)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da ANPA do CEIP A Ramallosa, do concello de Teo, referidas ás melloras necesarias no centro

- 30372 (10/POP-003551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao nivel de recursos humanos e materiais que presenta o Hospital Comarcal do Salnés en relación coas necesidades asistenciais da poboación

- 30380 (10/POP-003552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co suposto incumprimento por parte da empresa adjudicataria do prego de condicións para a adjudicación do servizo de mantemento do equipamento de electromedicina da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela

- 30388 (10/POP-003553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da situación de envellecemento que está a padecer o sector do marisqueo

- 30389 (10/POP-003554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a posición que vai defender o Goberno galego en relación coas modificacións previstas polo Goberno central mediante a unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas Prepara, PAE e Renda Activa de Inserción

- 30402 (10/POP-003555)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 12 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, en colaboración co Goberno central, para garantir a permanencia do Centro Galego de Bos Aires como centro de asistencia sanitaria e promotor socio-cultural-histórico-artístico da emigración galega na Arxentina

- 30410 (10/POP-003556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

- 30415 (10/POP-003557)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da compensación ás universidades de Galicia pola perda de ingresos que lles supón a conxelación das taxas académicas das titulacións de graos e a rebaixa do custo dos másteres habilitantes

- 30446 (10/POP-003558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non intervir co fin de evitar a conflictividade existente na Confraría de Pescadores de Carril

- 30452 (10/POP-003559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da compensación das carencias orzamentarias que veñen padecendo as universidades de Galicia desde o inicio da crise

- 30456 (10/POP-003560)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar posibles danos ao patrimonio cultural do Camiño de Santiago ao seu paso polo territorio galego

- 30459 (10/POP-003561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización dalgún tipo de mediación para contribuír á resolución do conflito laboral da empresa Hijos de Luís Chao Sobrino, S.A., de Ribadavia

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 4 de maio de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre o fomento da equidade e a transparencia para as empresas que utilizan servizos de intermediación en liña (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 238 final] [2018/0112 (COD)] { SEC(2018) 209 final} { SWD(2018) 138 final} { SWD(2018) 139 final}

-10/UECS-000153 (30510)

Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre o fomento da equidade e a transparencia para as empresas que utilizan servizos de intermediación en liña (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 238 final] [2018/0112 (COD)] { SEC(2018) 209 final} { SWD(2018) 138 final} { SWD(2018) 139 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 30510, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre o fomento da equidade e a transparencia para as empresas que utilizan servizos de intermediación en liña (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 238 final] [2018/0112 (COD)] { SEC(2018) 209 final} { SWD(2018) 138 final} { SWD(2018) 139 final}

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei galega de recoñecemento e apoio das familias monoparentais**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A familia é, segundo a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, un elemento natural e fundamental da sociedade e ten, polo tanto, dereito á protección por parte da sociedade e do Estado. Neste sentido, esta forma de organización social ten experimentado mudanzas ao longo da historia da humanidade e da sociedade ás que cómpre dar reflexo e apoio desde as institucións.

As formas de vida e a configuración das familias abranguen unha alta variedade, dependendo de factores sociais, económicos, culturais ou de escolla afectiva e persoal. Cómpre ser conscientes tamén de que o patriarcado, como modo de organización das relacións sociais, ten atopado na institución da familia un dos elementos de perpetuación e transmisión dos seus valores e costumes para se reproducir a través das sucesivas xeracións. De forma particular, ten contribuído a perpetuar o estereotipo da familia tradicional froito da división sexual do traballo cun liderado masculino en detrimento do feminino. Polo tanto, no camiño cara unha sociedade máis igual e superadora do patriarcado, é fundamental aproximar unha visión máis ampla das relacións sociais, superadora da familia como un construto homoxéneo, introducindo no marco legal avances que contribúan a reflectir tanto a súa diversidade como a compoñente da libre elección no seu deseño.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 10:43
Nº Rexistro: 30479
Data envío: 04/05/2018 10:43:29.174

Neste sentido, malia a progresiva superación do concepto tradicional de familia, o marco lexislativo vixente non abrangue aínda a súa heteroxeneidade e continúa a manter boa parte dos estereotipos patriarcais arredor dun modelo preestabelecido de familia. Particularmente, salienta un baleiro importante de definición, conceptualización e políticas de apoio canto aos fogares monoparentais, de forma especial aquelas familias que se constitúen como monoparentais en orixe, por decisión propia. Esta invisibilización débese, en boa medida, a que son maioritariamente familias encabezadas por mulleres e polo tanto teñen operado prexuízos patriarcais na súa ocultación. Polo tanto, dar recoñecemento a esta realidade facilitará afondar no compromiso pola igualdade e a non discriminación das mulleres na nosa sociedade. Esta lei procura brindar maior apoio e visibilización a esta forma de familia pola súa importancia na sociedade galega así como polo seu risco de vulnerabilidade incrementada nun contexto socioeconómico adverso, diante do que as administracións deben de se implicar.

Na actualidade, a *Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galiza* entende por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Porén, alén da ausencia dun marco normativo suficientemente desenvolvido para o seu apoio e das omisións no seu cumprimento, este marco non é abondo inclusivo xa que non todos os fogares monoparentais se forman como tal pola perda dunha das persoas proxenitoras. Desta forma, é preciso afondar no recoñecemento daquelas familias monoparentais que o son en orixe, froito dunha decisión consciente de emprender a construción do fogar de forma individual. Así



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 10:43
Nº Rexistro: 30479
Data envío: 04/05/2018 10:43:29.174

mesmo, é preciso desenvolver unha política xeral de apoio á monoparentalidade máis ambiciosa e que contemple unha maior variedade de situacións, co fin de estender a capacidade de apoio e acompañamento da administración, especialmente cara as e os menores. Máis aínda, cómpre ter en conta que estamos a falar de familias maioritariamente encabezadas por mulleres e que polo tanto sofren as repercusións negativas da desigualdade laboral, económica e salarial, entre outras, que aínda rexen na sociedade.

Neste sentido, é necesario dar a coñecer este tipo de familia monoparental e legislar para a garantía e o desenvolvemento dos seus dereitos en pé de igualdade con outros modelos familiares e dar cobertura así mesmo ás súas necesidades e problemáticas así como contribuír desde os poderes públicos á superación dos prexuízos que recaen sobre elas, contribuíndo a fomentar e garantir a liberdade de elección.

Así mesmo, cómpre salientar como as familias monoparentais están a aumentar ano tras ano. Segundo os datos oficiais do propio Instituto Galego de Estatística no 2007, o primeiro ano con estes datos a respecto da Enquisa Estrutural a Fogares, había en Galiza 89.879 fogares monoparentais e no último dato dispoñíbel, o 2016 o número chega até 110.156 fogares monoparentais, o que constitúe o 10,4% do total dos fogares. Así mesmo, en 2016 case 7 de cada 10 fogares monoparentais a persoa principal era unha muller.

O informe “O estado da pobreza en Galicia 2017” feito público pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galiza) sinala como colectivos máis fráxiles, aqueles aos que menos está a chegar a saída do ciclo económico de recesión, as familias monoparentais xunto coas mulleres, mocidade, infancia e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 10:43
Nº Rexistro: 30479
Data envío: 04/05/2018 10:43:29.174

maiores de 65 anos. Este informe, que recolle datos de Eurostat, Instituto Nacional de Estatística e Instituto Galego de Estatística, ademais de cifras do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, indica que ata un 53,3 por cento dos fogares monoparentais están situados por debaixo do limiar de risco de pobreza e exclusión social no ano 2016, cun aumento de máis de tres puntos con respecto ao ano 2015.

Doutra banda, é preciso facer referencia, neste momento histórico, á grave e consolidada crise demográfica que sofre Galiza. Un contexto de dificultade no que é preciso facer esforzos por fixar e atraer poboación así como estimular que aquelas persoas que así o escollan libremente, reciban apoio por parte dos poderes públicos para emprender a maternidade, ou paternidade, de forma individual.

De forma anual o Instituto Galego de Estatística (IGE) presenta un conxunto de indicadores demográficos que brindan información acerca da estrutura da poboación, da fecundidade e a mortalidade. Dos datos referentes a 2016 e os anteriores podemos observar como se consolida o cambio de tendencia iniciado no ano 2011 e que neste último ano a poboación volveu diminuír, neste caso un 0,36%. Un decrecemento consolidado e que leva parella unha constante diminución no peso relativo da poboación galega con respecto á poboación total do Estado español, de forma que se no ano 2007 a poboación galega representaba o 6,12% da poboación do conxunto do Estado. No ano 2017 esta porcentaxe diminúe ata o 5,82%.

Así mesmo, debemos facer notar a tendencia de avellentamento que afecta ao noso país, incrementándose cada ano a idade media da poboación, actualmente nos 46,76 anos, xunto cunha redución das taxas de natalidade e fecundidade así como do número medio de fillos por muller, no 1,13 no ano 2016, por debaixo dos estándares



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

européos. Así mesmo, conséntase a demora na idade media da maternidade, nos 32,57 anos no ano 2016.

Esta situación vese agravada por case unha década de recortes do Partido Popular en materia de servizos públicos e sociais, que teñen contribuído a que a crise socioeconómica deixe o seu impacto de forma especial nas mulleres e que a decisión de ter ou non ter descendencia, biolóxica ou non, sexa complicada e interferida polos condicionantes laborais, económicos e sociais alén da decisión persoal, pois para querer é preciso tamén poder.

Esta lei pretende contribuír a recoñecer as familias monoparentais, nomeadamente aquelas que o son en orixe, motivadas por unha decisión libre e consciente, que no actual marco normativo están invisibilizadas, contribuíndo ao seu coñecemento así como á superación dos estigmas que rexen sobre elas. Así mesmo, pretende regular e garantir un marco de apoio e acompañamento adecuado que contribúa ao seu desenvolvemento en condicións de igualdade, con especial atención á protección das e dos menores.

TÍTULO I

Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Esta lei ten por obxecto:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º) Definir o concepto de familia monoparental de orixe, por elección, así como regular o recoñecemento e a acreditación da condición para efectos do establecido na presente lei.

2º) Estabelecer as obrigas que lle corresponden á Xunta de Galiza para garantir os principios de apoio e igualdade das familias monoparentais de orixe pola súa potencial vulnerabilidade e, en especial, das e dos menores.

3º) Impulsar a visibilidade das familias monoparentais de orixe e a superación de prexuízos a respecto destas e contribuír desde os poderes públicos galegos á sensibilización a respecto da heteroxeneidade de modelos de familias na sociedade galega.

Artigo 2. Definición de familia monoparental de orixe e familia en situación de monoparentalidade

1. Considérase, a efectos desta lei, familia monoparental de orixe aquela formada por unha única persoa proxenitora e a súa descendencia desde o inicio da relación familiar. Para os efectos desta lei, ten a consideración de descendencia o/a fillo/a, os/as fillos/as ou persoa ou persoas en situación de acollemento. Así mesmo, ten a consideración de persoa proxenitora a nai, o pai, a titora ou titor legal ou a persoa acollidora.

2. Considérase familia en situación de monoparentalidade aquela formada por unha única persoa proxenitora e a súa descendencia cando, non convivindo con outra persoa coa que teña relación análoga á conxugal, esta ostente o exercicio da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

patria potestade de forma exclusiva derivada de resolución xudicial, ou por causa sobrevida de falecemento ou situación de ausencia dunha das persoas proxenitoras ou titoras legais.

Manterase a condición de familia monoparental de orixe ou en situación de monoparentalidade sempre que se reúnan as seguintes condicións: a persoa ou persoas descendentes sexan menores de 21 anos ou sexan persoas discapacitadas ou incapacitadas para traballar, calquera que sexa a súa idade. O límite de idade ampliarase até os 25 aos cando cursen estudos que se consideren axeitados á súa idade ou estean encamiñados á obtención dun posto de traballo.

Artigo 3. Creación do Rexistro Único de familias monoparentais de Galiza

1. Créase o Rexistro Único de familias monoparentais de Galiza como rexistro público de natureza administrativa dependente da consellaría competente en materia de familia e de Política Social e xestionado directamente por ela, que ten como finalidade recoller a composición das diferentes familias monoparentais de Galiza, co obxecto de facilitar o seu recoñecemento e acreditación a efecto do contemplado nesta lei.

2. A estrutura, funcionamento e documentación necesaria para a inscrición no Rexistro determinaranse por orde da consellaría competente en materia de familia e política social.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 4. Creación do Carné acreditativo para as familias monoparentais de Galiza

1. No prazo de dous meses crearase o Carné acreditativo de monoparentalidade como documento identificativo a efectos dos beneficios e dereitos recollidos na presente lei, para o que a Consellaría competente en materia de familia e política social emitirá unha orde que regule, simplifique e unifique os trámites para a súa obtención con base ao recollido no Artigo 2 desta lei.

Artigo 5. Ámbito de aplicación

A presente lei será de aplicación no conxunto do territorio galego.

TÍTULO II

Políticas Públicas para o apoio e acompañamento das familias monoparentais de Galiza

CAPÍTULO I

Apoio no ámbito do ensino

Artigo 6. Axudas económicas para o ensino non universitario. A administración galega impulsará un programa de bolsas específico en todas as etapas do ensino non universitario e ensinanzas oficiais de idiomas. Así mesmo, promoveranse bonificacións específicas para material escolar, servizos de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

madrugadores, comedores, transporte e actividades extraescolares vinculadas ao centro.

Artigo 7. Medidas de prioridade no acceso aos servizos vinculados ao ensino non universitario

Así mesmo, arbitraranse mecanismos de preferencia para as familias monoparentais en todos os tramos do ensino non universitario canto a acceso e escolla do centro e servizos de comedor, madrugadores e extraescolares.

Artigo 8. Axudas económicas para o ensino universitario

A administración galega impulsará un programa de bolsas específico para o apoio ás familias monoparentais no ámbito do ensino universitario. Así mesmo, promoverase ao abeiro do Sistema Universitario Galego bonificacións nas taxas que se apliquen aos dereitos de matriculación, exame, expedición de títulos ou diplomas académicos, docentes e profesionais. En colaboración coas universidades galegas, a administración galega procurará a introdución de criterios de consideración das familias monoparentais a efectos de baremo e criterios de admisión nas prazas públicas ofertada para as residencias universitarias.

Artigo 9. Ampliación da Rede de Escolas Infantís

Para dar cumprimento efectivo á preferencia para o acceso de crianzas pertencentes a familias monoparentais e noutras circunstancias, contempladas na



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2018 10:43
Nº Rexistro: 30479
Data envío: 04/05/2018 10:43:29.174

lexislación galega, en centros de educación infantil dependentes da Xunta de Galicia, desenvolverase un plan de incremento da Rede de Escolas Infantís.

